


AS MEIGAS DE LUPA, MARÍA SOLAR

Hoxe reunímonos para o noso Club de Lectura de 1º ESO coa intención de comentar *As meigas de Lupa*, de María Solar, unha novela fantástica que nos leva ao mundo das meigas tan tradicional da nosa cultura galega.



A través da súa lectura viaxamos á Galicia dos castros durante o século I, cando chegaron aos territorios da raíña Lupa uns estranxeiros que traían o corpo do apóstolo Santiago dende Palestina. Daquel tempo tan antigo, cheo de maxia e superstición, provén un segredo milenario que foi gardado de xeración en xeración, que pasou de bocas a oídos, de país a fillos unha e outra vez, e que non se contou a quen non era merecedor de sabelo.

Pero cando a avoa perde unha vella chave, ese segredo sae de novo á luz...



Foi divertido falar sobre as meigas e as súas falcatruadas porque... habelas, hainas.